



CONTIDOS

O chío

Publicación en Twitter, unha rede social asimétrica (sen necesidade de consentimento mutuo).

Breve: 280 caracteres máx. (formato tipo SMS), o que esixe condensar a mensaxe.

Hipertextual: con ligazóns externas e internas (@usuario, #etiqueta).

Con posibilidade de inserir multimedia (fotos, vídeos...).

Con disposición en liña temporal. Con posibilidade de acumulación en fíos.

Aberto á interacción (rechíos, respostas...).



ACTIV. CADERNO

O chío

Crea un esquema de pensamento visual sobre este xénero dixital.

Deberá incluír todos os seus trazos fundamentais.



ACTIV. FOLLA GRUPO

Escolla e análise do prexuízo

1. Escollede un dos prexuízos presentes nos chíos que se ofrecen en fotocopia. Copiade a mensaxe enteira.

2. A seguir, listade o conxunto de ideas preconcebidas que transmite. Ou sexa, explicitade a visión simplificadora ou errónea da realidade que xera ese prexuízo. Podedes comezar así:

- “Parte da idea de que...”
- “Supón entender que...”
- “Implica tamén considerar...”

3. Que progresión se segue na ordenación das respostas ao chío prexuzoso que se mostra?